

Mercedes González Vázquez (2023): *Da indireccionalidade á retranca. Análise das características lingüísticas asociadas á imaxe estereotipada do falante galego*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 151 páxs.

Mercedes González Vázquez, docente e investigadora do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, é a autora da obra *Da indireccionalidade á retranca*, publicada recentemente polo Servizo de Publicacións da mesma universidade. A doutora xa conta con outros traballos publicados en 2022 sobre esta cuestión, como «Unhas notas sobre o sistema evidencial galego» ou «Algo máis alá da evidencialidade e dos estereotipos culturais galegos», polo que este estudo consistiría nunha ampliación interesante e novidosa, en que ademais da cuestión da evidencialidade, inclúe a análise doutros recursos lingüísticos. Neste punto, cómpre engadir, tamén, que xa a comezos deste século González Vázquez tiña publicados outros traballos sobre esta cuestión para o castelán.

Esta investigación ten como obxectivo principal a análise de catro características lingüísticas (atenuación, indireccionalidade, evidencialidade e retranca) e a súa relación co estilo comunicativo galego e a imaxe estereotipada creada. Para isto, o libro divídese en dúas partes ben diferenciadas: o primeiro capítulo, onde se leva a cabo unha análise da lingua posta en relación con factores sociais e culturais, e o segundo, no cal a autora se centra no vínculo existente entre os evidenciais galegos e estes factores.

Partindo da base de que a cultura inflúe na lingua de xeito «oculto», González Vázquez defende que a imaxe estereotipada dos galegos se relaciona coas catro características anteriormente mencionadas, das cales fai un estudo pormenorizado nesta publicación, para terminar demostrando que esa imaxe do falante galego é «a consecuencia dunha visión subxectiva e etnocentrista».

A doutora, dende unha perspectiva innovadora, realiza unha análise das peculiaridades conversacionais que se lles atribúen ás/aos galegas/os. O dela é un traballo descritivo-explicativo, pero, á súa vez, abre vías tamén para futuros estudos cuantitativos, como a perspectiva contrastiva entre os falantes de galego e os falantes de castelán de fóra de Galicia.

Na primeira parte, comeza realizando unha revisión bibliográfica sobre o perfil do *ethos* galego, apoiándose en numerosos autores e en diferentes fontes, dende os escritores da Xeración Nós aos diálogos presentes nas obras de Domingo Villar ou na espontaneidade dun galego na TVG, para describir a imaxe estereotipada dos falantes galegos.

A continuación, González Vázquez achega definicións do concepto de *atenuación* e as súas motivacións segundo outros estudosos, así como os diferentes tipos, e, cómpre salientalo, adapta ao galego a tipoloxía, elaborada por outro autor, das expresións atenuantes extraídas dunhas conversas entre españois e suecos. Mesmo achega Galicia, neste aspecto, aos países anglófonos ou ao Xapón. Ademais, referíndose á presenza ou non da atenuación, deixa a porta aberta a un estudo sobre a variación diatópica do galego.

A autora afirma que a indireccionalidade atribuída aos galegos atopa un grande apoio en documentos históricos. Sinala que este recurso racha coas máximas conversacionais (cantidade, claridade e relevancia), á vez que achega numerosos exemplos, en que o lector pode apreciar, a través das célebres viñetas de Castelao ou de anécdotas tiradas de textos xornalísticos, situacións que non lle resultan alleas, entre dous galegos ou entre un galego e unha persoa castelanfalante de fóra de Galicia.

Outra das estratexias destacables entre os falantes galegos á que se refire González Vázquez é a retranca, recurso visto por moitos autores como «atributo decisivo dos galegos», o cal se caracteriza por ser unha mestura entre indireccionalidade, humor e ironía, pero que non parece exclusiva de Galicia, pois, nesta investigación, achéganse exemplos en inglés e en francés en que ocorre un fenómeno moi semellante. Neste punto, a autora fai unha oposición entre a retranca galega (e, se cadra, non galega) e a ironía presente no castelán, posto que nesta última «non existe humor nin xogo lúdico dialéctico».

Para indagar máis na cuestión da imaxe estereotipada, a investigadora achéganos ao concepto de *cultura* e á súa tipoloxía, deixando aberta a posibilidade de futuros estudos que sinalen a que tipo pertence a galega: en principio, parece que se trataría dunha cultura de alto contexto, así como dunha cultura de afastamento, é dicir, cunha gran carga de mensaxes implícitas nas que está presente a cortesía negativa, aquela que pretende non danar a imaxe persoal.

Na segunda parte da publicación, González Vázquez busca relacionar a evidencialidade en galego con factores culturais e, alén disto, realiza unha descrición do sistema evidencial galego, así como unha análise do trasfondo cultural. Para este estudo, comeza achegando o lector ao concepto de *evidencialidade*, categoría que algunhas linguas teñen gramaticalizada; por exemplo, a través de afixos, a lingua tuyuca pode expresar significados diferentes en canto á orixe da información dita polo interlocutor. Para o galego, o máis semellante a esta gramaticalización que existe é a expresión do «coñecemento xeral» con fórmulas léxicas como *é sabido, como todos sabemos, sábese* etc.

Dende un punto de vista teórico, con numerosos exemplos, a autora achéganos a conceptos como *modalidade epistémica, postura epistémica* ou *significados evidenciais indirectos*. A continuación, realiza unha clasificación dos mencionados significados: estes divídense en significados inferenciais (aqueles fundados na percepción, como é o caso do emprego de *deber de, seica, parece que...*) e en significados reportativos (aqueles cos que podemos distinguir se a información dita é de primeira man ou se existe un autor específico). González Vázquez, neste punto, leva a cabo unha análise cualitativa de exemplos extraídos do *CORGA* e do *TILG* onde aparecen fórmulas do segundo tipo (fórmulas con significado reportativo).

Posteriormente, partindo do estudo sincrónico e diacrónico dos dous adverbios evidenciais (*seica* e *disque*), a través do cal os autores rexeitan o significado de dúbida como valor inherente deles, González Vázquez ratifica esta cuestión coa axuda da súa descrición semántica e pragmática, achegando numerosos exemplos para

ambos. Así, relaciona estes dous marcadores coa procedencia da información e conclúe que o seu uso «evidencia a importancia que o falante galego lle concede á indicación da orixe da información e ás connotacións sociais orixinadas por ela».

Para concluír, a especialista non nos dá unha visión moi esperanzadora en canto á supervivencia dos trazos lingüísticos estudados, pois por múltiples factores como a globalización ou a aparición das redes sociais dixitais, «a indireccionalidade parece ir en declive hoxe en día». Sinala que se dá un esmorecemento tamén na retranca, ao ir «esvaéndose unha xeración de falantes galegos que tiñan como pasatempo lúdico as conversas retranqueiras». Xunto coa perda de todos eses matices discursivos, dáse un «empobrecemento na comunicación» e estase perdendo, á súa vez, a arte de falar.

O resultado final desta investigación de Mercedes González Vázquez é unha publicación novidosa e completa, ben organizada e estruturada en dous grandes capítulos, que se caracteriza por achegar unha información clara, relevante e actualizada, sempre apoiándose en numerosos exemplos para axudar ao lector. Ademais, deixa abertas numerosas vías de estudo para investigadores que desexen explorar un pouco máis o mundo da pragmática e, máis concretamente, a pragmática da lingua galega.

Ana Fernández Berrocal
anafernandezberrocal@gmail.com